

## **INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS: Actividades do día 24 de febreiro ENTROIDO 2017**

Estimados/as Sres/as:

Informámoslles que o próximo venres día 24 de febreiro, co motivo da realización no Centro do festival do entroido (festival disfraces, comparsas,...) no que participará o alumnado, e para facilitar a súa organización, producírase unha modificación no horario do Centro: entrada ás 10:30 horas e saída ás 13:30.

Os autobuses adaptarán os seus percorridos ao horario citado. O alumnado terá que vir xa disfrazado e ese día non se permitirá o acceso ás aulas.

### **Non se permitirá:**

- Entrar no centro coa cara tapada.
- Introducir calquera tipo de bebida.
- Non se permitirán: bicis, monopatíns,...
- Non se permitirán petardos ou calquera tipo de sprays.
- Non se poderá acceder ó centro despois da hora de entrada (10:30 horas).
- O alumnado, para poder saír antes das 13:30, ten que ser recollido polas familias e non poderá volver a entrar (salvo casos xustificados).

Lembramos que a ANPA "Castelao" organiza un concurso de doces de Entroido no cal pode participar calquera membro da comunidade. Os concursantes interesados poden traer os doces a partires das dez da mañá.

Aproveitamos para recordarlles que as vacacións do entroido son os días 27, 28 de febreiro e 1 de marzo.

Reciban un cordial saúdo.

Cambre, a 20 de febreiro de 2017.

A DIRECCIÓN